

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA POTENCIAR A FORMACIÓN EN CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DA FORMACIÓN PROFESIONAL NO CONTEXTO DO PROGRAMA RETECH (REDES TERRITORIALES DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA) E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATION, PRTR A TRAVÉS DE INCIBE.**

O 8 de xullo de 2024 aínouse entre a Amtega e a Consellería un convenio para poñer en marcha o desenvolvemento do Proxecto RETECH CCAA (liña de actuación 4 – Excelencia educativa) de cara a potenciar os cursos de formación profesional superior en materia de ciberseguridade que se impartirán en todas as provincias galegas, (en diante os "Cursos"), no ámbito do Programa RETECH e no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea -NextGeneration, PRTR a través de INCIBE (en diante o "Proxecto Galego de programas superiores de formación en ciberseguridade").

O Convenio establece as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Amtega e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a posta en marcha do Proxecto RETECH CCAA – Liña de actuación 4 (Excelencia Educativa), definindo as actuacións para acometer por cada unha das partes; as obrigacións das Consellería e da Amtega; o modelo de financiamento, xustificación e pago; o seguimento do convenio a través das Comisións de Seguimento; a súa modificación; ou a súa extinción e causas de resolución, entre outras.

Con data 10 de marzo de 2025 celebrouse unha reunión específica entre a Amtega e INCIBE co obxectivo de aclarar cuestións relacionadas coa interpretación do Convenio RETECH, especificamente, en materia de IVE.

Derivado de tal reunión recoméndase a aclaración concreta no Convenio do Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en ciberseguridade, sobre a imposibilidade de financiamento do IVE con fondos orixe MRR.

Con data 16 de xullo de 2025 celebrouse a terceira Comisión de Seguimento entre a Amtega e a Consellería, onde se trasladou que a Consellería levará a cabo un novo curso de ciberseguridade en contornas das tecnoloxías de operación adicional aos xa recollidos no Convenio do Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en ciberseguridade.

De forma específica, a celebración do citado curso adicional non supón, polo momento un incremento do orzamento do Convenio do Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en ciberseguridade.



Polo exposto, considerase convinte a modificación das cláusulas segunda e quinta do convenio de colaboración, do 8 de xullo de 2024, entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para potenciar a formación en ciberseguridade no ámbito da formación profesional no contexto do programa RETECH (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica) e no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola unión europea - Nextgeneration, PRTR a través de INICIBE.

Na cláusula segunda "Actuación obxecto do convenio" engádesse un novo curso, e na cláusula quinta engase a referencia a imposibilidade de financiamento do IVE mediante o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia polo que o IVE asociado as actuacións das partidas financiadas con fondos AMTEGA non poderá ser pagado con estes fondos.

En Santiago de Compostela,

O Xerente da AMTEGA.

Asdo: Jose Luis Somoza Digón.

